



RESOLUCIÓN CM 6/2020 DO 16 DE MARZO DO XERENTE DA ÁREA SANITARIA DE VIGO,
POLA QUE SE CONVOCA A COBERTURA, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS,
DE VARIOS POSTOS DE ENCARGADO DE QUENDA DE CELADORES

Ao abeiro do establecido no Capítulo VI do Decreto 206/2005, do 22 de xullo de, provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde e na Orde de 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, ao existir vacantes postos de encargados de quenda de celadores, procédese a formalizar a presente convocatoria.

Así, esta Xerencia, de conformidade co Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as árees sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia (DOG núm. 204, do 25 de outubro) e da Orde do 5 de xullo de 2012 (DOG núm. 139, do 20 de xullo) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

RESOLVE:

Convocar o proceso para a cobertura, polo sistema de concurso de méritos, tres postos de encargado de quenda de celadores.

O proceso de selección realizarase de conformidade coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto, características, funcións e retribucións do posto de traballo

O obxecto da presente convocatoria é prover tres postos de traballo de encargado de quenda de celadores cuxas características e funcións se describen no Anexo I, mediante o sistema de concurso de méritos, ao que se lle aplicará o baremo previsto no Anexo III.

As retribucións serán as establecidas para este posto de traballo na Orde da Consellería de Economía e Facenda, pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia para cada ano.

Segunda. Requisitos para participar na convocatoria

Poderán participar na presente convocatoria o persoal interesado que na data da finalización do prazo para a presentación de solicitudes reúnan o requisito de ser persoal estatutario de





xestión e servizos da categoría de celador, Grupo E, con vínculo de fixeza e en situación de servizo activo como persoal estatutario.

Terceira. Prazo de presentación de solicitudes e documentación

3.1. As persoas interesadas en participar deberán presentar a solicitud, segundo o modelo de instancia que se xunta como anexo II, o cal se atopa á súa disposición en calquera das oficinas do servizo de Persoal da Área Sanitaria de Vigo, na intranet da Área Sanitaria de Vigo e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

As solicitudes debidamente asinadas e a documentación xustificativa dos méritos deberán dirixirse ao Xerente da Área Sanitaria de Vigo e presentarse no prazo de 15 días hábiles a contar desde o día seguinte á data da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

A presentación extemporánea da solicitud será causa de inadmisión.

No caso de optar a varios dos postos convocados, deberá indicarse na solicitud a orde de preferencia.

As solicitudes e o resto da documentación deberán presentarse a través dos rexistros da Área Sanitaria de Vigo ou demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC).

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súa solicitud. O enderezo que figure na mesma considerarase como o único válido a efectos de notificacións, e tanto os erros na súa consignación como a falla de comunicación de calquera mudanza do mesmo serán responsabilidade exclusiva da persoa candidata.

3.2. Xunto coa solicitud, deberá xuntarse a seguinte documentación acreditativa dos requisitos e méritos das persoas interesadas:

3.2.1 Documento de identificación: fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade, debidamente compulsado.

3.2.2 Certificación expedida polo servizo de saúde correspondente de que ostenta a condición de persoal estatutario fixo en situación de activo, na categoría esixida.

Non é necesario achegar a referida documentación cando se trate de persoal que actualmente estea prestando servizos na Área Sanitaria de Vigo ou persoal que, tendo prestado servizos no Servizo Galego de Saúde, os seus datos xa consten entregados dentro de prazo no expediente.





3.2.3 Certificación acreditativa dos servizos prestados en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na que conste a categoría profesional, o tipo de vínculo e as datas de prestación de servizos, facendo constar que se atopa en situación de servizo activo nas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde.

Non será preciso presentar os servizos prestados no SERGAS que xa consten rexistrados en FIDES-expediente-e.

3.2.4 Declaración responsable de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin atoparse inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

3.2.5 Certificación negativa do Rregistro Central de Delincuentes Sexuais de non ter sido condenado/a por sentenza firme pola comisión de ningún dos delitos contra a liberdade e indemnidade sexual ou de trata de seres humanos.

3.2.6 Compromiso de dedicación exclusiva formulado no modelo que figura como anexo IV, no caso de que a persoa aspirante queira facer constar este compromiso.

O compromiso únicamente vinculará á persoa aspirante e producirá efectos no seu réxime de dedicación retributivo, no suposto de que resulte seleccionado. Noutro caso entenderanse como non presentados.

Só se terán en conta os méritos que estean debidamente rexistrados no sistema informático Fides- Expediente-e, e que estean debidamente acreditados pola persoa interesada na data de finalización de presentación das solicitudes. Non será obxecto de avaliación ningún mérito introducido no sistema informático e/ou acreditado polo persoal aspirante con posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O órgano convocante poderá esixir a presentación da documentación acreditativa dos méritos alegados no currículo profesional en calquera momento do proceso ou solicitar a ampliación ou aclaración da documentación presentada aos efectos da valoración dos méritos.

Cando a Comisión de Avaliación tivese coñecemento de que algúñ/ha aspirante non cumple algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, logo da audiencia da persoa interesada, procederá acordar a súa exclusión.

Os documentos orixinais que se tivesen achegado polas persoas aspirantes seránlle devoltos ao remate do proceso selectivo.





Cuarta. Sistema de selección

- 4.1 A selección das persoas aspirantes levarase a cabo por un procedemento consistente nun concurso de méritos, segundo o baremo establecido no anexo III.
- 4.2 Só se terán en conta os méritos que as persoas interesadas reúnan na data da publicación da convocatoria e acrebite no prazo de presentación de solicitudes.
- 4.3 A puntuación total que se poderá acadar será de 115 puntos de acordo cos apartados que se recollen no Anexo III.
- 4.4. O compromiso de dedicación exclusiva, durante o período de desempeño da xefatura, terá unha puntuación adicional de 15 puntos (apartado 4 do baremo).

Quinta. Comisión de Avaliación

- 5.1 Para a selección das persoas aspirantes constituirase unha Comisión de Avaliación cun número impar de membros designada polo xerente, cuxas funcións serán avaliar a competencia e os méritos presentados e elevar a correspondente proposta de resolución ao Xerente da Área Sanitaria de Vigo.
- 5.2 A Comisión que será de composición paritaria contará cos seguintes membros:
 - Presidenta: A directora de Recursos Humanos ou persoa en quen delegue.
 - Vogais: A subdirectora de Recursos Humanos e un/unha xefe/a de Servizo de persoal de xestión e servizos ou persoas en quen deleguen.
 - Secretario/a: A Comisión será asistida por un/unha secretario/a de actas, designado/a polo órgano convocante, que actuará con voz pero sen voto. O/A secretario/a levantará acta de cada unha das sesións que celebre a comisión.
- 5.3 Os membros da Comisión deberán abstirse de intervir, notificándoo ao xerente, cando concorran neles algunas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).
- 5.4 A xerencia publicará a composición da Comisión de Avaliación para coñecemento das persoas interesadas de conformidade co previsto nas presentes bases.
- 5.5 Os membros terán a condición de persoal estatutario fixo de xestión e servizos, da función administrativa do grupo de clasificación igual ou superior ao que pertencen os aspirantes.
- 5.6 A Comisión axustará a súa actuación ao disposto na normativa vixente sobre órganos colexiados.





Sexta. Procedemento e tramitación

6.1. Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a xerencia ditará resolución coa relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, indicando neste último caso, a causa de exclusión.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para presentar as reclamacións que consideren oportunas, ou para emendar, de ser o caso, o motivo da exclusión. Transcorrido este prazo, publicarase nos taboleiros de anuncios das oficinas do servizo de Persoal da Área Sanitaria de Vigo, na intranet da Área Sanitaria de Vigo e na web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) a resolución pola que se publique a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das peticóns de emenda entenderanse implícitas na dita resolución, contra a cal se poderá interpoñer recurso de alzada ante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulta o recoñecemento ás persoas interesadas de que posúan os requisitos esixidos na convocatoria. Cando da documentación presentada se desprenda a falta dalgún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos derivados da súa participación no procedemento.

6.2. A Comisión de Avaliación avaliará os méritos acreditados polos persoas aspirantes admitidos de conformidade co baremo. A publicación da listaxe provisional de puntuacións, desagregadas por apartados, realizarase nos taboleiros de anuncios das oficinas do servizo de Persoal da Área Sanitaria de Vigo, na intranet da Área Sanitaria de Vigo e na web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es); e abrirase un prazo de quince días hábiles para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións que estimen pertinentes que resolverá a propia comisión.

6.3 As reclamacións formuladas contra a listaxe provisional entenderanse rexetadas ou admitidas por medio da relación definitiva de puntuacións, que será elevada á Xerencia coa proposta de adxudicación a prol daquel/a aspirante que acade a maior puntuación,—e será publicada nos taboleiros de anuncios das oficinas do servizo de Persoal da Área Sanitaria de Vigo, na intranet da Área Sanitaria de Vigo e na web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).





Para o caso de que un/unha aspirante obteña a maior puntuación en máis dun dos postos de xefatura ofertados, na proposta que se eleve ao xerente terase en conta a orde de prelación manifestada na solicitude de acordo co recollido na base terceira da presente convocatoria.

6.4 En calquera momento do proceso se a Comisión de Avaliación tivese coñecemento de que algúna persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos pola convocatoria, logo da audiencia á persoa interesada, acordará a súa exclusión.

6.5 De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- a. A aspirante de sexo feminino sobre o de sexo masculino, cando se dean as condicións de infrarepresentación previstas no artigo 49 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32 do 17 de febreiro).
- b. Pola maior puntuación obtida pola persoa interesada no apartado 1.a) do baremo (servizos prestados no Sistema Nacional de Saúde como persoal estatutario fixo nas categorías que habilitan para participar na presente convocatoria).
- c. De persistir o empate, resolverase pola orde de maior a menor puntuación obtida segundo a prelación dos méritos numerados do 1 ao 4 no baremo.
- d. De maior a menor idade.

Séptima. Resolución e toma de posesión

7.1 O xerente ditará resolución pola que se acorde o nomeamento da persoa aspirante que obtivo maior puntuación, a cal será publicada no DOG.

7.2 A persoa aspirante seleccionada deberá cesar na praza que desempeñe dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se faga a dita publicación.

7.3 A toma de posesión do posto adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.





Se así o permiten as necesidades de servizo, e por petición motivada da persoa interesada, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo Xerente da Área Sanitaria de Vigo.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo e se percibirán os correspondentes haberes de conformidade co que estableza a orde anual pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

7.4 De non tomar posesión no dito prazo por causas imputables á persoa interesada ou sen causa xustificada, perderá os dereitos como adxudicataria do nomeamento, aplicarase o disposto no artigo 30.5 do Decreto 206/2005 e, pola súa vez, procederase á emisión dunha nova resolución definitiva a favor do seguinte aspirante con maior puntuación.

Oitava. Avaliación do desempeño da xefatura

As persoas aspirantes nomeadas obterán un nomeamento que será obxecto de avaliación cada catro anos, para os efectos de apreciar o nivel de rendemento acadado. O resultado da avaliación determinará a prórroga do nomeamento ou no seu caso a remoción.

Novena. Cesamento

Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, os/as profesionais nomeados poden ser cesados pola Xerencia da Área Sanitaria por causas sobrevidas derivadas tanto dunha reordenación da estrutura xerárquica da área funcional como da falta de capacidade para o desempeño do posto. O cesamento virá precedido dun procedemento que garanta a audiencia do/a interesado/a cun prazo de dez días no que poderá formular alegacións e presentar a documentación que estime pertinentes, do que se informará aos representantes de persoal.

O/A profesional cesado/a, quedará a disposición do xerente da Área Sanitaria de Vigo que lle atribuirá o desempeño dun posto correspondente a súa categoría profesional dentro da localidade en canto non obteña outro de carácter definitivo e non inferior en máis de dous niveis ao seu grado de persoal consolidado.

O persoal adscrito provisionalmente a un posto de traballo terá a obriga de participar no ámbito da devandita localidade no primeiro concurso de mobilidade que se convoque.



Décima. Normas xerais

A publicación dos actos e resolucións que se diten na tramitación deste procedemento realizarase nos taboleiros de anuncios das oficinas do servizo de Persoal da Área Sanitaria de Vigo, na intranet da Área Sanitaria de Vigo e na web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

No non previsto na presente convocatoria, aplicaranse supletoriamente as disposicións contidas na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Undécima. Recursos

Contra a presente resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.

Vigo, 16 de marzo de 2020

O xerente da Área Sanitaria de Vigo

Julio García Gómesaña




DILIXENCIA:

Para facer constar que o dia 14.de..6...publicase no DOG núm.11.3 anuncio da presente convocatoria, e se procede a súa publicación no taboleiro de anuncios das oficinas de persoal da Área Sanitaria de Vigo

A directora de Recursos Humanos

Ana M^a Comesaña Alvarez





Anexo I

A) Encargado de quenda de celadores- Urxencias: 1 vacante

Área Funcional	Urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro
Características	O posto convocado se encadra na estrutura da Dirección de Recursos Económicos da Área Sanitaria de Vigo, e depende do xefe de persoal subalterno do Hospital Álvaro Cunqueiro
Funcións do posto	<ul style="list-style-type: none">• Planificación do traballo do persoal ao seu cargo.• Organización e distribución do persoal da quenda de traballo.• Organización dos tempos de descanso do persoal ao seu cargo durante a xornada laboral.• Valoración da carga de traballo de cada posto, axustando a distribución do persoal ao seu cargo ás condicións existentes.• Activación dos protocolos cando sexa preciso (heliponto, rea, ...).• Vixilancia do cumprimento das normas de funcionamento da área funcional e de xornada do persoal ao seu cargo.• Vixilancia de que o material de traballo (cadeiras, padiolas, etc) estean na súa ubicación, en perfecto estado, e que o persoal ao seu cargo teña o material ordenado e a dotación que corresponda a cada posto de traballo.• Xestión do mantemento do material tramitando os partes correspondentes a través do aplicativo SIGI.• Realización do parte diario de incidencias da quenda de traballo, que remitirá ao xefe de persoal subalterno.• Manexo das aplicacións informáticas de xestión de quendas, de rexistro de incidencias SIGI, Outlook e LibreOffice.• Asistencia ás reunións programadas coa xefatura de persoal subalterno.• O encargado de garda revisará as quendas do día seguinte. <p>Aquellos outras funcións que sexan compatibles coa súa categoría e lle sexan encomendadas pola xefatura de persoal subalterno.</p>






B) Encargado de quenda de celadores- Servizos Xerais : 1 vacante

Área Funcional	Servizos Xerais no Hospital Álvaro Cunqueiro.
Características	O posto convocado se encadra na estrutura da Dirección de Recursos Económicos da Área Sanitaria de Vigo, e depende do xefe de persoal subalterno do Hospital Álvaro Cunqueiro.
Funcións do posto	<ul style="list-style-type: none">• Xestión e coordinación do persoal ao seu cargo. Planificación do traballo.• Valoración das cargas de traballo do persoal ao seu cargo en cada quenda. Resolución de incidencias. Rondas por todos os postos onde presten servizos persoal ao seu cargo.• Diariamente, comunicación por escrito de todas as incidencias rexistradas na quenda de traballo nos distintos servizos. Parte de garda.• Vixilancia do cumprimento das normas de funcionamento da área funcional e da xornada do persoal ao seu cargo.• Vixilancia de que o material de traballo (cadeiras, padiolas, etc) estean na súa ubicación, en perfecto estado, e que o persoal ao seu cargo teña o material ordenado e a dotación que corresponda a cada posto de traballo.• Xestión do mantemento do material tramitando os partes correspondentes a través do aplicativo SIGI.• Revisión e mantemento dos recursos materiais. Tramitación de partes SIGI.• Registro documental da recepción e entrega de éxitus, fetos e membros.• Manexo das aplicacións informáticas de xestión de quendas, de rexistro de incidencias SIGI, Outlook e LibreOffice.• O encargado de garda revisará as quendas do día seguinte, comprobando os cambios de quenda.• Asistencia a reunións periódicas coa xefatura de persoal subalterno. <p>Aquelas outras funcións que sexan compatibles coa súa categoría e lle sexan encomendadas pola xefatura de persoal subalterno.</p>





A) Encargado de quenda de celadores- Quirófano: 1 vacante

Área Funcional	Quirófano do Hospital do Meixoeiro
Características	O posto convocado se encadra na estrutura da Dirección de Recursos económicos da Área Sanitaria de Vigo, e depende do xefe de persoal subalterno do Hospital do Meixoeiro
Funcións do posto	<ul style="list-style-type: none">• Xestión e coordinación do persoal ao seu cargo. Planificación do traballo.• Organización e distribución do persoal da quenda de traballo.• Organización dos tempos de descanso do persoal ao seu cargo durante a xornada laboral.• Valoración da carga de traballo de cada posto, axustando a distribución do persoal ao seu cargo ás condicións existentes.• Vixilancia do cumprimento das normas de funcionamento da área funcional e de xornada do persoal ao seu cargo.• Xestión do manteramento do material tramitando os partes correspondentes a través do aplicativo SIGI.• Realización do parte diario de incidencias da quenda de traballo, que remitirá ao xefe de persoal subalterno.• Manexo das aplicacións informáticas de xestión de quendas, de rexistro de incidencias SIGI, Outlook e LibreOffice.• Titoría da formación dos celadores do listado especial de contratación de quirófano.• Asistencia ás reunións programadas coa xefatura de persoal subalterno.• O encargado de garda revisará as quendas do día seguinte. <p>Aquelas outras funcións que sexan compatibles coa súa categoría e lle sexan encomendadas pola xefatura de persoal subalterno.</p>





ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE EMCARGADOS DE QUENDA DE CELADORES (CM 6/2020, do 16 de marzo)

D./Dna:

DNI:

Publicada a Resolución CM 6/2020 do 16 de marzo de 2020 da Xerencia da Área Sanitaria de Vigo, pola que se convocan varios postos de encargados de quenda de celadores e reunindo os requisitos para participar na dita convocatoria,

SOLICITO

participar no proceso de cobertura do/s posto/s de encargado de quenda, na orde de preferencia seguinte:

ORDE DE PREFERENCIA

ENCARGADO DE QUENDA

1º.....

2º.....

3º.....

Xunto coa presente solicitude xuntase a documentación que se relaciona de seguido:

- Copia compulsada de DNI, pasaporte ou documento que acredite identidade
- Certificación de ostentar a condición de persoal estatutario fixo
- Certificación de servizos prestados
- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo nin estar inhabilitado
- Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais
- Compromiso de dedicación exclusiva

Vigo, de de 2020

XERENTE DA ÁREA SANITARIA DE VIGO





ANEXO III

Os méritos availables que se computarán ata a mesma data de publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia son os que a continuación se relacionan.

A puntuación máxima que poderá acadar cada aspirante polos méritos contidos neste anexo será de 100 puntos aos que poderán sumarse os 15 puntos adicionais previstos no punto 4.-

BAREMO DO CONCURSO DE MÉRITOS:

1.- EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 30 puntos) como persoal estatutario, nas Institucións Sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, na categoría ou categorías que habilitan para o acceso ao posto de traballo:

a) Servizos prestados como persoal fixo:

- Na mesma institución sanitaria: 0,25 puntos por mes
- Noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde: 0,2 puntos por mes
- En institucións sanitarias doutros servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde: 0,15 puntos por mes

b) Servizos prestados como persoal temporal:

- Na mesma institución sanitaria: 0,1 puntos por mes
- Noutra institución sanitaria do Servizo Galego de Saúde: 0,075 puntos por mes
- En institucións sanitarias doutros servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde: 0,05 puntos por mes.

2.- MÉRITOS ESPECÍFICOS (máximo 35 puntos)

a) Experiencia Profesional :

- Servizos prestados en institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde: 0,125 puntos por mes (máximo 10 puntos)
- En postos da mesma área funcional na que se incardina o posto convocado: 0,125 puntos por mes
- Servizos prestados en postos de xefatura ou coordinación: 0,1 puntos por mes



A puntuación por estos tres apartados será acumulable.

3.- OUTRAS ACTIVIDADES, REALIZADAS NOS ÚLTIMOS 7 ANOS, INDICATIVAS DA ACTUALIZACIÓN DE COÑECEMENTOS E APTITUDES PARA O DESEMPEÑO DAS CORRESPONDENTES FUNCIÓN (máximo 35 puntos)

Pola asistencia debidamente xustificada, nos últimos 7 anos, a cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continua do Sistema Nacional de Saúde ou pola comisión autonómica sempre que teñan un contido relacionado coas funcións do posto ao que se opta, indicativas da actualización de coñecementos e aptitudes para o desempeño das correspondentes funcións.

O límite de 7 anos non se aplicará á formación universitaria postgrauada e a aqueles cursos cuxo contido se manteña vixente no momento da convocatoria.

a.- Formación continuada acreditada:

- Recibida.- Valorarase con 0,075 puntos cada hora e 0,75 cada crédito de curso acreditado polo Sistema Nacional de Saúde e organizado e impartido polas institucións sanitarias do Sistema Nacional de Saúde, pola Administración estatal, autonómica, universidades, escolas universitarias, colexios profesionais e organizacións sindicais, relacionados coas funcións do posto que se está a convocar, así como os cursos de informática.

No caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste.

- Impartida.- Valorarase con 0,15 puntos cada hora e 1,5 puntos cada crédito por impartir cursos aos que se refire o subapartado anterior.

b. Prevención de riscos laborais

Valorarase a formación básica en materia de prevención de riscos laborais impartida polo Servizo Galego de Saúde de acordo coa puntuación anterior (0,075 puntos cada hora e 0,75 cada crédito), así como tamén a formación específica no ámbito de prevención de riscos laborais dirixida a postos de traballo da función administrativa do Servizo Galego de Saúde (e-learnig, etc).





c.- Formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero de acordo coa puntuación anterior (0.075 puntos cada hora e 0.75 puntos cada crédito).

d. Cursos de galego:

Valorarase o curso CELGA 2: 2 puntos.

Valorarase o curso CELGA 4: 4 puntos

No suposto de acreditar máis dun grao de coñecemento da lingua galega, só se computará o superior. Os cursos, estudos ou titulacións deberán estar homologados polo órgano competente en materia de política lingüística.

4.- DEDICACIÓN PROFESIONAL (15 puntos)

Valorarase o compromiso de dedicación exclusiva á institución sanitaria con 15 puntos adicionais.





ANEXO IV
COMPROMISO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA

Apelidos e nome:.....

Categoría estatutaria:.....

Centro sanitario: Área Sanitaria de Vigo

E X P O Ñ O

Primeiro.- Que de acordo co establecido no Decreto 11/1995, do 20 de xaneiro (DOG 25/01/1995), opto por desempeñar servizos para o Servizo Galego de Saúde en réxime de dedicación exclusiva.

Segundo.- Que non desempeño ningunha outra actividade pública ou privada pola que perciba retribución ningunha que, de acordo coa Lei 53/1984, do 26 de decembro de incompatibilidades, resulte incompatible coa percepción do complemento específico previsto no Real Decreto-lei 3/1987, do 11 de setembro.

Por todo o anterior, **MANIFESTO**

o meu compromiso de prestar servizos en réxime de dedicación exclusiva, coa conseguinte percepción do complemento específico que corresponda de acordo co sistema retributivo vixente.

Vigo, de..... de 2020

Asinado:

XERENTE DA ÁREA SANITARIA DE VIGO

